Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 11 DE NOVEMBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 11 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 216

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Departamento Territorial da Coruña

Servizo de Emprego, Relacións laborais, Traballo Autónomo e Economía Social

Resolución de inscrición e publicación do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo de hostalaría da provincia da Coruña

O 5 de novembro 2026 tivo entrada no rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade da Comunidade Autónoma de Galicia (REGCON) a solicitude relativa ao acordo da comisión paritaria do convenio colectivo da hostalería da provincia da Coruña (código de convenio 15000745011981) .

Ao abeiro do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, este órgano directivo territorial é competente para atender esta solicitude, de xeito que RESOLVO:

1. Inscribir o referido acordo no rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade da Comunidade Autónoma de Galicia (REGCON).

2. Ordenar que se remita, para a súa publicación, ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, o 6 de novembro de 2026

O director territorial da Coruña

Juan José Couce Prego

Número de anuncio 2026/7301

ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DA HOSTALERÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA

En Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2026 ás 11.45h, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnense as persoas que a continuación se relacionan, que integran a Comisión Paritaria do Convenio colectivo da hostalería da provincia da Coruña:

Parte empresarial:

Esteban Iglesias Martínez (Unión Hotelera Compostela)

Agustín Collazos Martín (Asociación Empresarial de Hospedaxe de A Coruña-Hospeco)

Carlos Rodríguez Núñez (Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña)

Emilio Vázquez Rey (Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarcas)

Parte Sindical:

Juan Manuel Carreira García (UGT)

Ángel Fernández Pintor (UGT)

José Francisco Mirás Pérez (CCOO)

Pablo Fragoso Dacosta (CIG)

Almudena Castro González (CIG)

Rubén Duruelo Cuerdo (CIG)

O obxecto desta xuntaza é proceder a análise e resposta das consultas recibidas en relación con determinadas cuestións recollidas no Convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña.

Logo do oportuno debate e exposición de posturas e pareceres procede reflectir en Acta o seguinte:

Primeiro.- "Paga" única de 500€.

Con respecto ás consultas da "paga" única de 500€ establecida no artigo 6 do convenio colectivo, esta Comisión Paritaria aclara que a dita "paga" non se corresponde cun incremento salarial correspondente ao ano 2025. Por iso, estes 500€ non son aplicables ás táboas salariais, e polo tanto, estes 500€ soamente serán compensables con aquelas cantidades aboadas ao longo do 2025 a conta de convenio.

A dita "paga" aboarase igualmente aos traballadores que estaban en situación de IT ao longo do 2025 e a aqueles traballadores que tiveran vixentes os seus contratos no ano 2025 e será proporcional ao tempo do contrato e á xornada

Segundo.- Plus de transporte.

Con respecto ás cuestións referidas ao plus de transporte, esta Comisión Paritaria aclara que o dito plus non é compensable con outros conceptos salariais.

Con respecto ao resto de consultas referidas ao plus de transporte, debatidas nesta xuntanza, esta Comisión Paritaria remítese ao tenor literal do artigo 6. Bis do Convenio Colectivo.

Terceiro.- Resto de consultas.

En relación ao resto de consultas, esta Comisión Paritaria acorda remitirse ao tenor literal do texto do Convenio Colectivo.

Cuarto.- As partes delegan no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais a realización do trámites de rexistro, deposito e publicación desta Acta ante a Autoridade laboral competente.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión, sendo as 14.00 horas do día sinalado no encabezado, estendéndose ao efecto a presente Acta que asinan, en proba de conformidade, as persoas abaixo relacionadas en representación de cada unha das organizacións presentes.

Esteban Iglesias Martínez (en representación de Unión Hotelera Compostela)	Agustín Collazos Martín (en representación de Asociación Empresarial de Hospedaxe de A Coruña-Hospeco)
Carlos Rodríguez Núñez (en representación de Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña)	Emilio Vázquez Rey (en representación de Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarcas)
Rubén Duruelo Cuerdo (en representación de CIG)	Ángel Fernández Pintor (en representación de UGT)
José Francisco Mirás Pérez (en representación de CCOO)	

2026/7301

Número de anuncio 2026/7301